



CONCELLO DE
SANTIAGO

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1210U7	CON/42/2017	11-05-18 14:17

Sello o Certificación Mecánica

Número 6 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a deixar deserta a licitación do subministro e instalación de cubertas portantes para as áreas de xogo infantís de Fontiñas e Castiñeiríño. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE.

Destinatario

15078DCMG1210U7K



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 11 de maio de 2018 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 6 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA RELATIVA A DEIXAR DESERTA A LICITACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CUBERTAS PORTANTES PARA AS ÁREAS DE XOGO INFANTÍS DE FONTIÑAS E CASTIÑEIRIÑO. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2017 COMPOSTELA DECIDE.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 21 de marzo de 2018. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 221/2018 de data 3.5.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Xan Duro Fernández, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática, e presidente da mesa de contratación da licitación "Subministro e instalación de cubertas portantes para as áreas de xogo infantís de Fontiñas e Castiñeiríño. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE", consonte ós termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1210U7	CON/42/2017	11-05-18 14:17

Primeiro: Con data 14 de decembro de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se leva a cabo a apertura das ofertas presentadas, resultando que a única proposta é a da empresa HAGS SWELEK SA.

Segundo: Con data 20 de marzo de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se presenta o informe de análise da solución técnica proposta, realizado polo comité de expertos nomeado ó efecto, e no que se propón a súa desestimación.

En consecuencia, e consonte ao acordado na devandita reunión da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Deixar deserta a licitación do subministro e instalación de cubertas portantes para as áreas de xogo infantís de Fontiñas e Castiñeiriño. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE, desestimando a oferta presentada pola empresa HAGS SWELEK SA, con causa na falta de documentación técnica que debía incorporar a proposta de actuación de acordo coas esixencias do prego de aplicación e a falta de adecuación da solución no que se refire ó seu deseño, pola non consideración da protección fronte á choiva."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Deixar deserta a licitación do subministro e instalación de cubertas portantes para as áreas de xogo infantís de Fontiñas e Castiñeiriño. Orzamentos participativos 2017 COMPOSTELA DECIDE, desestimando a oferta presentada pola empresa HAGS SWELEK SA, con causa na falta de documentación técnica que debía incorporar a proposta de actuación de conformidade coas esixencias do prego de aplicación e a falta de adecuación da solución no que se refire ao seu deseño, pola non consideración da protección fronte á choiva; de conformidade coa proposta transcrita.

**A CONCELLEIRA-SECRETARIA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO**

ASDO/MARÍA ROZAS PÉREZ

**CONCELLO DE
SANTIAGO**